



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 18 de xullo do 2024, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D. Sergio Castro López, xefe do servizo TI, para as licitacións nº 2024/CONTRAT/000065 e 2024/CONTRAT/000054
- **Público asistente:**
 - D^a Elena Orro Arcay, Técnica de Contratación.
 - D. Pablo Boveda, en representación de "R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.", e D. Severino Castroman, en representación da empresa "Vodafone España, S.A.U.", ámbolos dous para a licitación nº 2024/CONTRAT/000054
- **Non asiste:**
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior; nin tampouco a súa suplente D^a Susana Miranda Fernández, asesora xurídica.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ORDE DO DÍA

1.- 2024/CONTRAT/000065: PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

2.- 2024/CONTRAT/000054: SERVIZO INTEGRAL DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

3.- 2024/CONTRAT/000063: RESTAURACIÓN INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDEMERA

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

4.- 2024/CONTRAT/000072: PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA FORNOS

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

5.- 2024/CONTRAT/000073: MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)





1.- 2024/CONTRAT/000065: PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE USUARIOS DE SERVICIOS SOCIAIS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003041, de 6 de xuño do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da subministración denominada “PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL E USUARIOS DE SERVICIOS SOCIAIS”.

O importe de licitación é de 80.165,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (16.834,65 €), o que supón un importe de 96.999,65 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de xuño do 2024, e unha posterior rectificación publicada o día 11 de xuño do 2024.

Rematado o día 25 de xuño do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
IMATIA INNOVATION, S.L.	B36499960	21/06/2024 10:51:00

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 27 de xuño do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”, o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos, para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

O día 17 de xullo do 2024, o Xefe de Servizo da área de tecnoloxías da información, don Sergio Castro López, emite informe técnico de valoración da documentación contida nos sobres nº 2.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitidos ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Deste xeito, polo Xefe de Servizo da área de tecnoloxías da información, procédese a dar lectura ao citado informe.





Do informe emitido, que se publicará integramente na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

Empresa-oferta	Proposta técnica e alcance (25 puntos)	Implantación do proxecto (10 puntos)	Equipo de traballo (5 puntos)	Garantía e mantemento (5 puntos)	Plan de formación (5 puntos)	TOTAL
Imatia	23	7	4	4	4	42,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, e unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das ofertas presentadas e as súas puntuacións achégase no seguinte cadro:

Licitador/Criterio	Oferta económica sen IVE	Ponderación: 30, Mínimo: 0, Máximo: 30 (puntos)	Tempo de implantación	Ponderación: 10, Mínimo: 0, Máximo: 10 (puntos)	Ampliación do período de mantemento e garantía	Ponderación: 10, Mínimo: 0, Máximo: 10 (puntos)
IMATIA INNOVATION, S.L. - B36499960	70.000.00 €	25.36	16 semanas	10.0	+ 1 ano	10.0

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

Licitador	PT CJV	PT CAF	PT TOTAL	Orden
NIF: B36499960 Razón Social: IMATIA INNOVATION, S.L. Fecha presentación: 21-06-2024 10:51	42,00	45,36	87,36	1

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do servizo denominado "PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE USUARIOS DE SERVICIOS SOCIAIS" a empresa IMATIA INNOVATION, S.L. (B36499960) por un importe de 70.000,00 € (84.700,00 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





2.- 2024/CONTRAT/000054: SERVIZO INTEGRAL DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE OLEIROS

Por Acordo da XGL de data 30/05/2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado "SERVIZO INTEGRAL DE TELECOMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE OLEIROS".

O importe de licitación é de 826.440,00 € ao que se lle engade o 21% IVE (173.552,40 €), o que supón un importe total de 999.992,40 €.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio ao DOUE o día 5 de xuño do 2024 sendo publicado o día 6 de xuño do 2024; e tamén se publicou anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 6 de xuño do 2024.

Rematado o día 5 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	A15474281	05-07-2024 21:47
VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	A80907397	05-07-2024 15:05

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 27 de xuño do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa" e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado "Proposta suxeita a avaliación previa", o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos, para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

O día 17 de xullo do 2024, o Xefe de Servizo da área de tecnoloxías da información, don Sergio Castro López, emite informe técnico de valoración da documentación contida nos sobres nº 2.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público asistente ao que asisten D. Pablo Boveda, en representación de "R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.", e D. Severino Castroman, en representación da empresa "Vodafone España, S.A.U.", a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Empresa-oferta	Alcance y calidad servicios (18 puntos)	Alcance y calidad LAN (15 puntos)	Garantía y mantenimiento (7 puntos)	Plan de implantación (7 puntos)	Equipo de trabajo (3 puntos)	TOTAL
R Cable	17	14	6	6	2,5	45,50
Vodafone	10	5	3	3	1,5	22,50

Neste intre, antes de proceder á apertura do seguinte sobre, a Mesa pregunta aos asistentes se queren facer algunha pregunta ao respecto do informe exposto. Non facéndose ningunha pregunta, a continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación enviada no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é permitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

Licitador/Criterio	Oferta económica renovación LAN (sin IVE)	Ponderación: 14, Mínimo: 0, Máximo: 14 (puntos)	Oferta económica servicios (sin IVE)	Ponderación: 16, Mínimo: 0, Máximo: 16 (puntos)	Bolsa renovación terminales móviles	Ponderación: 4, Mínimo: 0, Máximo: 4 (puntos)	Tiempo de implantación renovación LAN	Ponderación: 4, Mínimo: 0, Máximo: 4 (puntos)	Mejora 1: Inclusión monitorización y gestión LAN	Ponderación: 3, Mínimo: 0, Máximo: 3 (puntos)	Mejora 2: Ampliación del soporte a 24x7 para todos los sistemas	Ponderación: 3, Mínimo: 0, Máximo: 3 (puntos)	Mejora 3: Inclusión tiradas adicionales fibra	Ponderación: 2, Mínimo: 0, Máximo: 2 (puntos)	Tiempo de implantación de servicios	Ponderación: 4, Mínimo: 0, Máximo: 4 (puntos)
Vodafone España, S.A.U. - A80907397	263427.65	14.0	5588,00 € 465.43 €	16.0	24.792,00 €	2.36	24 semanas	4.0	SI	3.0	SI	3.0	si	2.0	12 SEMANAS	0.0
R Cable Y Telecable Telecomunicaciones S.A.U. - A15474281	263425.00	14.0	6050.50 € 0.00 €	16.0	41.946,67€	4.0	24 semanas.	4.0	SI	3.0	SI	3.0	SI	2.0	2 semanas	4.0





Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

Licitador	PT CJV	PT CAF	PT TOTAL	Orden
NIF: A15474281 Razón Social: R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U. Fecha presentación: 05-07-2024 21:47	45,50	50,00	95,50	1
NIF: A80907397 Razón Social: VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. Fecha presentación: 05-07-2024 15:05	22,50	44,36	66,86	2

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de servizos denominado “SERVIZO INTEGRAL DE TELECOMUNICACIÓN DO CONCELLO DE OLEIROS” a empresa R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U. (A15474281) polos prezos unitarios contidos na súa oferta económica, e que a efectos de valoración foron os seguintes; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

- | | | | |
|-----------------------------------|--------------|-------------|--------------|
| • Oferta económica servizos (*) | 6.050,50 € | 1.270,61 € | 7.321,11 € |
| • Oferta económica renovación LAN | 263.425,00 € | 55.319,25 € | 318.744,25 € |

(*) Custes fixos mensuais.

A oferta inclúe TARIFAS PLANAS nas cuotas mensuais das liñas e extensión, de modo que os custes variables mensuais teñen un importe de 0 €.





3.- 2024/CONTRAT/000063: RESTAURACIÓN INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003511, de 4 de xullo do 2024, apróbase o procedemento aberto para a contratación da obra denominada “RESTAURACIÓN INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE-MERA”.

O importe de licitación é de 92.002,27 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (19.320,48 €), o que supón un importe de 111.322,75 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de xullo do 2024.

Rematado o día 17 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	17-07-2024 15:08
JARDINERIA ARCE S.L.	B15547979	17-07-2024 19:45

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	LÓPEZ CAO	JARDINERIA ARCE S.L.
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	Cumpre





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XI do PCAP, que consiste nun programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.





4.- 2024/CONTRAT/000072: PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA FORNOS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003479, de 2 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada "PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA FORNOS".

O importe de licitación é de 75.578,21 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (15.871,42 €), o que supón un importe de 91.449,63 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 3 de xullo do 2024.

Rematado o día 16 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	16-07-2024 09:17
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	B15009533	16-07-2024 10:47

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa". Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	LÓPEZ CAO	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XI do PCAP, que consiste nun programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.





2024/CONTRAT/000073: MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003462, de 2 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”.

O importe de licitación é de 127.568,79 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.789,45 €), o que supón un importe de 154.358,24 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 3 de xullo do 2024.

Rematado o día 16 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	16-07-2024 15:10

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	LÓPEZ CAO
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XI do PCAP, que consiste nun programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.

